



DEPUTACIÓN OURENSE  
PRESIDENCIA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
26 OUT. 2017	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 16840

En contestación á petición de data 28 de setembro con nº de rexistro 30065, en relación "cos pasos que vai dar esta Deputación para garantir a aplicación do Regulamento (UE) 2016/679..." Indicarlle que se está a avanzar en dúas liñas de actuación consistentes na previsión de realización dunha auditoría que reflectiría a situación actual para logo desenvolver as liñas marcadas para a súa adaptación e, así mesmo, a elaboración dun Plan Provincial para abordar a situación e posibles actuacións nos concellos.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 26 de outubro de 2017

O PRESIDENTE



Jose Manuel Baltar Blanco.

MIGUEL BAUTISTA CARBALLO, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.  
Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.